

CONVOCATORIA DE BECAS PARA REALIZAR ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS O CURSO 2024/2025

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca becas para a realización de estudos postobrigatorios de **bacharelato, formación profesional de grao básico, medio e superior, ensinanzas artísticas, deportivas e de idiomas nas EOI**

INFORMACIÓN

No Portal de Becas de Educación na dirección web:
<https://www.becaseducacion.gob.es/portada.html>

PRAZO DE PRESENTACIÓN: do 19 de marzo ao 10 de maio

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE:

1. Mediante o formulario accesible na dirección
<https://sede.educacion.gob.es> ou en <http://www.educacionyfp.gob.es>

2. Unha vez cuberto o formulario:

a) Deberá ser asinado electrónicamente cumprimentando determinados datos do documento de identidade de todos os asinantes.

b) Obter o resgardo da solicitude e enviala telemáticamente

Poderá consultarse o estado da tramitación na dirección electrónica <https://sede.educacion.gob.es> no apartado "Mis expedientes" entrando coas claves de usuario (DNI) e o contrasinal.

A resolución de concesión enviarase ao correo electrónico indicado na solicitude e deberá descargarse no apartado "Mis notificaciones" da dirección <https://sede.educacion.gob.es>

COMO CUMPLIMENTAR O FORMULARIO

1. DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- DNI ou NIE de todos os membros computables da familia maiores de 14 anos que convivan no mesmo domicilio
- Número de conta onde se desexa recibir o importe da beca. O estudante debe ser titular ou cotitular da conta.
- Outra en función dos casos: familia numerosa, discapacidade, etc

2. Si o estudante é maior de 14 anos no momento de facer a solicitude, deberá ser el que se rexistre na sede electrónica.

3. As solicitudes de menores de idade deben ser firmadas por pai, nai ou titor legal. O formulario solicitará o DNI/NIE e IDESP/IXESP.
Os demais membros da unidade familiar deberán autorizar polo mesmo procedemento a consulta dos datos de identificación e económicos.

Clases e cuantías das becas

	Cuantía fixa				Cuantía variable
	Ligadas á renda Umbral 1	Ligada á residencia Umbral 2	Ligadas ao rendemento Media ≥ 8 en 4º Umbral 3	Beca básica Umbral 3 Incompatible con beca ligada á renda	En función da renda e o rendemento Umbral 2
Bacharelato	*	*	*	*	*
FP grao medio	*	*	*	*	*
FP básica				*	*
Artísticas/Deportivas	*	*	*	*	*

Requisitos

- Ser español ou ter a nacionalidade dun país da UE
 - Non ter titulación do mesmo ou superior nivel dos estudos para os que se solicita a beca
 - Estar matriculado o curso 24/25 en algún dos estudos recollidos no cadro e acreditar non estar repetindo curso.
- Os estudantes de 1º curso de bacharelato deberán acreditar unha media de 5,00 puntos en 4º de ESO.